



RESOLUCIÓN DE 3 DE FEBREIRO DE 2021 POLA QUE HABILITAN DETERMINADAS MEDIDAS EN RELACIÓN CO COVID-19 NO ÁMBITO DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR INTERURBANO DE VIAXEIROS

ANTECEDENTES

O 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e se establecen medidas dirixidas a limitar a mobilidade dos cidadáns e, ao tempo, a garantir a prestación de servizos de transporte público que garantan a posibilidade dos cidadáns de realizar desprazamentos vinculados ás actividades expresamente previstas.

Adicionalmente, o 13 de marzo de 2020 se publicou no DOG nº 50 Bis o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia da COVID-19.

En consonancia coas medidas de restrición da mobilidade establecidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, a Administración autonómica de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, publicou no *Diario Oficial de Galicia* nº 52-Bis, do 16 de marzo de 2020, a Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 15 de marzo de 2020 pola que se adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 no ámbito dos servizos de transporte público regular interurbano de viaxeiros.

Con posterioridade, como consecuencia da mellora relativa da situación de saúde pública, a Administración autonómica, publicou no *Diario Oficial de Galicia* nº 88, do 8 de maio de 2020, a Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 6 de maio de 2020 pola que se aproban medidas para aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula as medidas para adoptar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, cara a realizar unha transición paulatina ao levantamento das restricións implantadas por causa da COVID-19.

Para tal fin, a disposición derradeira primeira da Orde do 6 de maio de 2020 habilitou a Dirección Xeral de Mobilidade para resolver sobre a flexibilización ou o levantamento das





medidas, restricións e parámetros indicados na dita orde, en función da evolución epidemiolóxica, coa finalidade de garantir a acomodación da oferta de transporte ás necesidades esenciais da poboación. Así, con base nesa habilitación legal, a Dirección Xeral de Mobilidade ditou a Resolución do 23 de xuño de 2020, de reposición de servizos para atender as novas necesidades de mobilidade e establecer un novo avance na recuperación dos servizos públicos de transporte.

Con todo, a evolución experimentada pola pandemia nos sucesivos meses xustificou a necesidade de novas medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Así, mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendiase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020.

Así, a Presidencia de Xunta de Galicia, ditou o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo





Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. No antedito Decreto, trala análise da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, adóptanse un conxunto de medidas de limitación da mobilidade coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade. Deste xeito, entre outras medidas, establécese no artigo primeiro unha restrición xeral de entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente coa excepción de determinados desprazamentos adecuadamente xustificadas.

De modo complementario e compatible coa anteditas medidas, na mesma data, a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica ditou a Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta Orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 16-Bis, do 26 de xaneiro de 2021, recóllense un conxunto de medidas de prevención aplicables en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e determínase a suspensión dun conxunto de actividades non esenciais en atención a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Entre as medidas contidas na devandita orde establécese a actividade docente nas ensinanzas universitarias exclusivamente en modalidade non presencial ata o 17 de febreiro de 2021, e a limitación de horarios de diferentes actividades comerciais con especial incidencia nas fins de semana.

Neste escenario de contención da mobilidade para a prevención das consecuencias da COVID-19 resulta preciso habilitar a posibilidade de adaptar a oferta de servizos de transporte público ás novas restricións impostas como consecuencia dos datos negativos de evolución da pandemia, como canle para colaborar á propia redución da mobilidade.

Por este motivo, cómpre permitir aos concesionarios dos servizos de transporte a adaptación dos ditos servizos as necesidades de mobilidade da cidadanía derivadas dos novos escenarios de grave propagación da enfermidade, reducindo os servizos de transporte colectivo naquelas franxas horarias nas que as autoridades sanitarias focalizaron as principais limitacións das diferentes actividades.

Polo exposto,

RESOLVO





1. Sen prexuízo do cumprimento do conxunto daquelas outras medidas preventivas que xa fosen establecidas pola Administración Xeral da Xunta de Galicia con antelación á presente resolución, respecto da oferta de servizos os concesionarios de servizos públicos de transporte regular de uso xeral de viaxeiros por estrada de titularidade da Xunta de Galicia poderán reformular a oferta de servizos establecida no correspondente contrato de concesión, reducíndoa de acordo co seguinte:

a. De luns a venres, nas expedicións con lonxitude superior a 50 quilómetros que teñan a súa hora de inicio entre as 18.00 e as 24:00 horas, e que dispoñan de varias circulacións nesa franxa horaria, ata nun cincuenta por cento das circulacións correspondentes a cada sentido de ida e/ou de volta.

b. Os sábados, domingos e festivos, ata nun cincuenta por cento sobre a oferta total de servizos existentes nos seus respectivos contratos de concesión, garantindo cando menos unha expedición de ida e volta por liña neses días. Para estes efectos, tomaranse en conta os festivos nacionais e autonómicos, así como os locais cando sexa festivo no concello de cabeceira ou no de destino das expedicións.

A redución de servizos deberá ter en conta os servizos e actividades que manteñan a súa actividade nos períodos ou días sinalados, tales como servizos sanitarios, centros laborais ou actividades educativas. Polo tanto, as empresas concesionarias priorizarán o mantemento das expedicións que teñan como principais usuarios a estudantes, persoal sanitario ou outros colectivos de traballadores.

Os servizos prestados mediante a modalidade de transporte baixo demanda manterán a súa oferta íntegra para aqueles supostos nos que as persoas usuarias realicen reservas previas de prazas nos termos establecidos con carácter xeral para esta modalidade de prestación, prestándose unicamente nos casos nos que esta reserva se realice.

2. As empresas ou unións temporais de empresas que presten os anteditos servizos e opten por aplicar a redución da oferta prevista no número primeiro, deberán realizar unha comunicación ao responsable do contrato, limitada a introducir no correspondente contrato de concesión as reducións de circulacións que resulten oportunas, dentro do máximo permitido. Xunto con esta comunicación deberá anexarse, en todo caso, unha declaración responsable da persoa que teña a representación legal da empresa ou unión temporal de empresas, na que manifieste expresamente que as modificacións introducidas na explotación se adaptan única e exclusivamente aos ditos criterios.





As anteditas comunicacións realizaranse, exclusivamente, a través da aplicación informática OTRANS, consonte coas instrucións que estableza o correspondente responsable do contrato.

As comunicacións previstas nesta resolución cursaranse no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende o día de notificación desta resolución.

3. No caso de que o concesionario opte por acollerse á redución dos servizos, os expedientes administrativos que se atopen abertos e que afecten ás condicións de explotación do correspondente contrato continuarán a súa tramitación, se ben, naqueles expedientes iniciados a instancia de parte, o responsable do contrato dará audiencia ao concesionario solicitante antes de os resolver, coa finalidade de que identifique que expedicións das que entren no ámbito temporal do número primeiro pretenda reducir, se é o caso, tendo en conta o previsto nesta resolución.

4. Coa finalidade de garantir a acomodación da oferta de transporte ás necesidades de mobilidade, por resolución da persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de transportes poderá acordarse, en calquera momento, tanto a reposición de servizos como horarios de obrigado cumprimento por parte das empresas de transporte. A dita resolución, que poderá ser ditada sen necesidade de procedemento administrativo previo ningún, resultará inmediatamente executiva.

5. Logo de presentar as comunicacións indicadas nos números anteriores, e en tanto perduren as minoracións de oferta previstas nesta resolución, as novas solicitudes que presente o concesionario de modificación ou alteración das condicións de prestación dos servizos de transporte previstos no correspondente contrato, deberán identificar plenamente aqueles servizos que se verán afectados pola minoración de oferta prevista nesta resolución e os que serán finalmente de aplicación, seguindo para tal fin as instrucións que se establezan polos correspondentes responsables dos contratos.

6. As empresas e unións temporais de empresas concesionarias dos servizos de transporte obxecto das minoracións establecidas nesta resolución darán a máxima información ás persoas usuarias da oferta de servizos que resulte de aplicación, utilizando para tal fin a totalidade de canles das que dispoñan, incluída a publicación nos propios medios de transporte adscritos ao contrato e, se é posible, a publicación en medios de comunicación e en soportes web. Igualmente, remitirán a información da oferta de servizos ao conxunto de estacións de autobuses nas que teñan parada de xeito simultáneo á comunicación que realicen á administración.





Para iso serviranse dos medios de transmisión da información mais adecuados e dispoñibles, xa sexan:

- Carteis dentro dos vehículos
- Carteis en expositores nas estacións e paradas.
- Imaxes e vídeos nas pantallas de información dos vehículos, estacións e paradas.
- Mensaxes nas diferentes Apps, en páxinas web corporativas, e en Redes Sociais.

7. As comunicacións de reducións adaptacións da oferta de servizos de transporte que as empresas formulen de acordo plenamente cos requisitos establecidos nesta resolución, e unicamente respecto dos servizos incluídos nos ámbitos temporais previstos no punto 1, serán executivos ás vinte catro horas da súa presentación, mantendo a obriga de prestar a totalidade de servizos de transporte establecidos nos correspondentes contratos de concesión que non sexan obxecto da dita comunicación e, incluso, aqueles que, incluíndose nesta, non se axustasen plenamente aos criterios de redución que se establecen nesta resolución.

En tanto se manteñan as medidas de adaptación da oferta de servizos de transporte previstas nesta resolución, as obrigas de servizo público que se considerarán para efectos da verificación do seu cumprimento serán as resultantes da dita comunicación.

As medidas de adaptación da oferta de servizos de transporte manteranse en tanto o fagan as circunstancias sanitarias e de limitación da mobilidade actualmente vixentes, ou análogas acordadas como continuidade delas, co límite temporal de vixencia do estado de alarma establecido polo Real decreto lei 956/2020, do 3 de novembro, ou, se fose o caso, das súas prórrogas, e sen prexuízo do indicado no apartado cuarto desta resolución.

8. A presente resolución ten carácter inmediatamente executivo.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ante este mesmo órgano administrativo, ou ben, alternativamente, poderá ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, computado do mesmo xeito.

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*Documento asinado dixitalmente*)

